

# A TORTURA NO ESTADO ESPAÑOL 2005

Por segundo ano consecutivo, a *Coordinadora para a Prevención da Tortura* (CPT) presenta o seu relatório sobre a situación da tortura no Estado español. Nesta edición, relativa ao ano 2005, procuramos manter os mesmos criterios que no Relatório 2004, con o propósito de facilitar o entendemento da súa evolución..

Sendo un dos obxectivos fundamentais da CPT a correcta aplicación no Estado español dos mecanismos de prevención e control previstos no **Protocolo Facultativo à Convención contra a Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanos ou Degradantes**, neste Relatório presentan-se aquelas denuncias que entran na definición da propia ONU.

**1. Para os fins da presente Convención, o termo “tortura” significa calquer acto por meio do cal unha dor ou sufrimentos agudos, físicos ou mentais, son intencionalmente causados a unha persoa con o fin de, nomeadamente, obter dela ou de uma terceira persoa informaçóns ou confisións, castigá-la por un acto que ela ou uma terceira persoa cometeu ou se sospeita que teña cometido, intimidar ou presionar esa ou unha terceira persoa, ou por calquer outro motivo baseado nunha forma de discriminación, sempre que esa dor ou eses sufrimentos sexan inflixidos por um axente público ou calquer outra persoa que actue a título oficial, instigado por el ou con o seu consentimento expreso ou tácito.**

*Convención das Nacións Unidas contra a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanas ou degradantes. Aprobada polo Plenário das Nacións Unidas o 10 de Decembro de 1984. Ratificada polo Estado español, onde entrou en vigor en Octubre de 1987*

Non se incluen no Relatório todas as situacións coñecidas durante o ano 2005. Excluimos un número importante, unhas veces por petición expresa das persoas agredidas, outras por a información recibida ser insuficiente e/ou non estar adecuadamente contrastada... Por outra parte, para alén das novas denuncias, as coñecidas no ano 2005, incluíse o seguimento de denuncias de anos anteriores que viron modificada a súa situación procesual durante ese ano (por se ter ditado sentenza, por se ter arquivado o procedemento, etc.) ou que xeraron decisións extra-xudiciais que afectaron os casos referidos (por exemplo, indulto aos condenados).

Portanto non se recolle a totalidade das denuncias senón apenas aquelas que cumpren os citados requisitos e temos que recoñecer que non sabemos que percentaxe representan sobre o total de casos reais.

## DENÚNCIAS TOTAIS RECOLLIDAS NESTE RELATÓRIO

	Nº de Casos	Nº Denunciantes
Denúncias 2005	288	598
Denúncias anos anteriores	279	404
TOTAL INFORME	567	1.002

Estes dados xerais permiten tirar unha primeira conclusión: un mínimo de case 600 persoas sufreron torturas e/ou maus tratos durante o ano 2005, nun mínimo de 288 situacións, estando sob custódia do Estado.

Non se recebeu na CPT información sobre eventuais denuncias en 7 provincias: Albacete, Castellón, Cuenca, Guadalajara, Huesca, Logroño e Ourense; encanto de outras 9 (Álava,

Barcelona, Gipúscoa, Málaga, Madrid, Melilla, Navarra, Sevilla e Biscaia) o número de denuncias comprovadas foi igual ou superior a 25.

Produciron-se denúncias en todas as nacións e comunidades autónomas mais en catro zonas (Euskal Herria (22'2%), Andalucía (20'8%), Catalunya (12'1%) e Madrid (12'1%) concentraron-se máis de dous terzos do total.

#### CLASIFICACIÓN DAS DENÚNCIAS SEGUNDO A COMUNIDADE AUTÓNOMA / NACIÓN


Comunidade– Nación	Nº de Casos	Nº Denunciantes
Andalucía	52	132
Aragón	11	17
Asturies	9	10
Baleares	5	6
Canarias	15	26
Cantabria	1	1
Castilla – La Mancha	2	5
Castilla – León	15	22
Catalunya	31	77
Ceuta	3	7
Comunidad Valenciana	22	36
Euskal Herria	65	141
Extremadura	5	7
Galiza	14	21
La Rioja	0	0
Madrid	46	77
Melilla	7	37
Murcia	6	12
<b>TOTAL</b>	<b>309</b>	<b>634</b>

**Nota.-** Neste cadro hai que ter en conta que varios dos casos denunciados (21 casos que afectan a 36 persoas detidas en Euskadi e València e trasladadas posteriormente a Madrid) aparecen duplicados, por iso non coinciden con os totais do cadro anterior.

A respecto da comparativa entre os relatórios 2004 e 2005, son varias as cuestións que cumpre salientar. Por unha parte, durante o ano 2004 produciron-se unha serie de situacións excepcionais que xeraron un elevado número de denúncias (mobilizacións no sector do metal en Andalucía, desaloxo do gazetxe *Euskal Jai* en Iruña ou o motin de Quatre Camins en Barcelona. Por outra parte, durante o 2005 produciron-se outras circunstancias excepcionais que fan que as denúncias formuladas por determinados colectivos aumentasen considerablemente (conflitos na fronteira de Melilla, detencións masivas de persoas nixerianas en Málaga). Daí a dificultade de comparar os relatórios de un e outro ano. En calquer caso, é de salientar que o número de situacións que acabaron en denuncia aumentou un 12%, pasando de 276 casos no ano 2004 a 309 no 2005.

Se atendermos às circunstancias das persoas que presentaron denuncia, depararemos con un dado importante: os grupos que xeraron máis denúncias foron os movementos sociais (23%), os colectivos de inmigrantes (19%) e as persoas detidas en rexime de incomunicación (11%).

#### CLASIFICACIÓN DAS DENÚNCIAS SEGUNDO A PERSOA AGREDIDA



Segundo o corpo de funcionarios que custodiaban a persoa no momento de producirse os feitos que orixinaron a denuncia, os resultados son estes:

#### DISTRIBUCIÓN DAS DENÚNCIAS SEGUNDO O CORPO DE FUNCIONÁRIOS DENUNCIADO

Corpo	Nº casos	Nº Denunciados
Corpo Nacional de Policía	69	191
Guarda Civil	37	97
Polícia Local	84	156
Ertzaintza	14	44
Mossos d'Esquadra	12	45
Funcionários de Prisión	62	81
Polícia Foral	1	2
Empregados de Centros de Menores	9	30
<b>TOTAIS</b>	<b>288</b>	<b>646</b>

Como se vé, practicamente todos os corpos policiais e funcionariais de seguraza receberam denuncias ao longo do ano 2005, situación idéntica ao do ano anterior.

Falar dos funcionarios denunciados asi como da instrucción xudicial das denuncias leva a colocar o problema da independencia da investigacion das mesmas. No seguinte cadro recollen-se os casos de funcionarios que foron investigados xudicialmente durante o ano 2005, en diferentes fases procesuais, con independencia da data en que tiveron lugar os feitos denunciados.

#### SITUACIÓN PROCESUAL DOS FUNCIONÁRIOS DENUNCIADOS, ANO 2005

CORPO	Casos	Denunciados	Absolvidos	Sob investigación	Condenados
C. N. Policía	254	173	52	87	34
Guarda Civil	130	118	26	68	24
Polícia Local	270	285	96	132	57
Mossos d'Esquadra	63	55	25	25	5
Ertzaintza	69	21	7	13	1
Polícia Foral	1	2	0	2	0
Funcionários Prisión	154	53	19	33	1
Centros de Menores	36	32	6	26	0
<b>TOTAIS</b>	<b>977</b>	<b>739</b>	<b>231</b>	<b>386</b>	<b>122</b>
<b>PERCENTAXES</b>		<b>100 %</b>	<b>31,26 %</b>	<b>52,23 %</b>	<b>16,51 %</b>

**Nota:** Neste cadro a diverxencia entre o total de casos e o total de funcionarios denunciados ven dada por non en todos os casos ser posíbel identificar os agresores, o que supón que en numerosas ocasións só poden ser denunciados os feitos. Igualmente, o número de denunciados é superior ao do cadro anterior por algúns procesos xudiciais viren de anos anteriores. Así mesmo hai diverxencias no nº de funcionarios denunciados a respecto do anterior cadro nos subtotais, xa que às veces sabe-se o número de funcionarios que participan nun feito mais despois ninguén é imputado xudicialmente por falta de identificación.

Todos estes datos serven para dar idea do estado da cuestión. Tocaría agora compará-los con o acontecido en anos anteriores e para iso a primeira fonte deberían ser os datos oficiais referidos ao número de denuncias tramitadas e o seu resultado. Mais esta información non está isenta de cuestionamento pois institucións internacionais como o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos de Estrasburgo salientaron en diversas ocasións que no Estado español estas denuncias non sempre son adecuadamente investigadas, o que sementa dúbidas sobre o elevado número de absolvicións e causas arquivadas.

Esta conxunción de dúbidas supón que, à hora de valorizar e contextualizar o número real de casos acontecidos así como a evolución da práctica da tortura e os maus tratos nos últimos anos sexa unha tarefa difícil en que é preciso renunciarmos à precisión para entender os procesos através de estimacións. Estimacións en que tanto os datos oficiais como os de organismos independentes deven combinar-se para cobriren as séries estatísticas, procurando dotá-las dunha continuidade temporal que nos permita chegar a construír unha idea global.

**A TORTURA NO ESTADO ESPAÑOL 2001-2005 (ESTIMACIÓN DE PERSOAS AFECTADAS)**

	2001	2002	2003	2004	2005	Totales	Media anual
<b>Fiscalía Xeral do Estado</b> (nº dilixencias prévias por torturas, tratamentos degradantes e omisión do deber de impedir torturas)	651	853	-	723	-	2.227	+742
<b>Torturaren Aurkako Taldea</b> (sólo <i>Euskal Herria</i> )	67	97	96	29	55	344	+68
<b>Coordinadora Prevención da Tortura</b> (incluí TAT)	-	-	-	812	598	1.373	+686
<b>ESTIMACION</b>	<b>+650</b>	<b>+850</b>	<b>+100</b>	<b>+800</b>	<b>+600</b>	<b>+3.000</b>	<b>+600</b>

**Nota:** A estimación para o ano 2003 é mui baixa ao contar-se apenas con datos de *Euskal Herria*. A información tomada como base da estimación anual aparece nas celas marcadas en amarelo (-). Os valores estimados aparecen marcados en verde (+).

Visto o cadro anterior, podemos afirmar que polo menos 3.000 persoas puderon ser torturadas e/ou maltratadas no Estado español no que levamos de século XXI e podemos afirmá-lo sabendo que se trata de unha estimación à baixa.

Estariamos falando portanto de mais de 600 persoas afectadas por ano, case dúas por día (mais de 740 se nos atemos aos datos da Fiscalía Xeral do Estado)

Por todo isto, e como xa acontecera con o do ano 2004, havemos de deducir a persistencia desta práctica é unha realidade. Realidade que aínda resulta mais dura cando comprobamos que as numerosas declaracións institucionais non serven para solucionar a situación. Daí que resulte tan importante que a implementación do Protocolo Facultativo da Convención ultrapase o ámbito institucional e sexa a sociedade civil a encargada de velar pola súa correcta aplicación. Neste sentido, o cumprimento das recomendacións de organismos internacionais e as feitas pola propia Coordinadora no fin das súas Xornadas “Prevenir a Tortura” (Barcelona, Febreiro 2006), converte-se nunha necesidade para avanzar no camiño da erradicación desta práctica vil no territorio do Estado español

Sevilla, 26 de Maio de 2006.-

**COORDENADORA PARA A PREVENCIÓN DA TORTURA :**

Acció dels Cristians per l'Abolició de la Tortura (ACAT), Alerta Solidària, Asociación APOYO, Asociación EXIL, Associació Catalana per la Defensa del Drets Humans, Associação Contra a Exclusão pelo Desenvolvimento, Asociación Contra la Tortura, Asociación para la Defensa de los Derechos de la Infancia, Asociación Libre de Abogados, Associació Memòria Contra la Tortura, Asociación Pro Derechos Humanos de Andalucía, Asociación de Solidaridad y Apoyo a los Presos de Aragón (ASAPA), Behatokia (Observatorio Vasco de Derechos Humanos - Euskal



Herriko Giza Eskubideen), **C**entro de Asesoría y Estudios Sociales (CAES), **C**entro de Documentación Contra la Tortura, **C**omissió de Defensa del Col.legi d'Advocats Barcelona, **C**omité Anti-Sida de Lugo, **C**oncepción Arenal, **C**omité de Solidaridad con Euskal Herria de Madrid, **C**oordinadora Antirrepressiva de Gràcia, **C**oordinadora Contra la Marginación de Cornellá, **C**oordinadora de Barrios de Madrid, **C**oordinadora Estatal de Solidaridad con las Personas Presas, **E**schulca (Observatório para a defesa dos direitos e liberdades), **E**skubideak (Euskal Abokatuen Elkarte), **E**txerat (Euskal Errepresaliatu Politikoen Elkarte), **F**ederacion de Asociacions de Loita contra a Droga, **F**ederación Enlace, **F**undación Érguete, **G**urasoak, **I**nstitut Drets Humans de Catalunya, **J**usticia i Pau, **M**ovemento polos Dereitos Civis, **O**bservatori del Sistema Penal i els Drets Humans de la UB, **P**reSOS Extremadura, **P**reSOS Galiza, **R**escat, **S**alHaketa (Bizkaia), **S**alHaketa (Araba), **T**orturaren Aurkako